

UNHA ÁRBORE CHAMADA ABELEIRA

Pola canícula do mes de agosto, á hora da sesta, a rapazada da contorna da Quintana, dos xardíns do Seminario, de San Martiño e de Cervantes, escapabamos ás agachadas para esta camposa, na ribeira do Sarela, onde o nivel da auga permitía o baño facendo pé.

Era este un lugar prohibidísimo e máis de un se deitou despois de apañar unha boa tunda. O maior problema que tiñamos era o de conseguir bañador: algúns cacheaban un vello no faiado, outros roubábano na feira, e varios, simplemente, aparecíamos sen traxe de baño, e así, en pelota picada, eramos os primeiros en mergullarnos.

Ben seguro que por aquí había algunha abeleira. Non me lembro. Pero se non a había vaina haber agora. Porque si, porque me gusta.

A abeleira ou avelaneira, como tamén se lle di, procede dos bosques da Europa atlántica. Considerada autóctona, é moi apreciada polo seu froito (a abelá) e mais polas súas pólas: flexibles, duras, dereitiñas coma velas, que se empregaban para construír cestos, caxatos e varas para afalar o gando.

A abeleira é unha árbore inspiradora de literatos. Xorde en varios refraneiros das distintas linguas peninsulares e nas cantigas medievais, como “Bailia dás avelaneiras” do trovador compostelán Airas Nunes, que continúa a temática doutra anterior de Johan Zorro, con esta belísima primeira estrofa:

Bailemos nós já todas tres, ai amigas,
só aquestas avelaneiras frocidas;
e quen for velida, como nós, velidas,
se amigo amar,
só aquestas avelaneiras frocidas,
verrá bailar.

No Quixote aparece o participio “avellanado” e nos poemas de Uxío Novoneyra a variante “abraira”.

“¡Anda, Pimpinela! ¡Anda miña variña de abelao!” prégalle a nai, para que case co vello señor Fuco, en “Os vellos non deben de namorarse” de Castelao.

A abeleira vai ligada a ritos de fertilidade nas mitoloxías xermánica, nórdica e céltica, e está considerada como unha árbore sagrada polos pobos celtas, símbolo de sabedoría e inspiración, o que desexo a todos vós.

Miñas donas, meus señores, autoridades, familiares, amigas e amigos: o meu profundo agradecemento por acompañarme nesta xornada tan especial e emotiva para min.

Grazas, de corazón.